

Manguel: "Para o lector, o mundo vén a ser infinito"

O canadense deu unha charla na Academia convidado polos escritores en lingua galega

CRÓNICA

IAGO MARTÍNEZ
GALICIA

iago.martinez@xornaldeg Galicia.com



Alberto Manguel (Bos Aires, 1948) é un cartógrafo da literatura. Olla dende o alto a historia dos signos e traza rutas imaxinarias entre as mil encarnacións da palabra coa man lixeira do miope: sen aduanas nin poderes. Sempre a arrandar entre a erudición e a complacencia, coma se Bourdieu non existise. As súas metáforas delátano. Acredita nunha literatura sen sebes nin grillóns, filla de Abel e non de Caín. Unha literatura, dixo onte na Coruña, que vén daquel gandeiro nómade que non sabía de fronteiras e non do labrego Caín, prendido pola raíz ao solo do que comía. É, en todo caso, un optimista que quere ver na lectura apenas "unha reacción química". Nada máis lonxe do que pensaba a brasileira Clarice Lispector, a quen onte invocou Manuel Rivas no salón de plenos da Real Academia Galega durante a presentación do convidado. Para ela, que escribiu co corpo enteiro, ler entrañaba algo así como "unha felicidade clandestina".

O avión de Manguel despegou, o seguinte xa non. Tivo sorte por partida dupla. Primeiro, por dar atravesado a nube de cinza volcánica para participar no III Encontro Cidade da Coruña, que organizan o Concello e a Asociación de Escritores en Lingua Galega (AELG) coa Academia como

anfitrión. E segundo, dixo Rivas, por aterrizar na cidade máis acaída para el, un lugar con tanta querencia polos códigos e as miniaturas como polo pobo xudeu. "Por sorte", dixo o escritor coruñés parafraseando a Uxío Novoneyra, "aínda queda alguén que termine dos soños e as palabras". Ese alguén, como o protagonista do *Pickpocket* de Bresson, deu moitas voltas antes de chegar aquí. "Para un canadense que naceu en Arxentina e vive en Francia, vir a Galicia é vir á casa", dixo Manguel ao presentarse. E resultou ser certo.

A "BIBLIOTECA MENTAL" DE MANGUEL

Nos anos sesenta, no seu instituto de Bos Aires, Manguel tivo a rara fortuna de estudar unha materia chamada "Poesía amorosa galego-portuguesa", e de facelo ademais cun manual de capas grises impreso nun papel moi pobre pola editorial Losada: *Florilegio del cancionero vaticano*, compilado por Francisco Luis Bernárdez, poeta arxentino de ascendencia galega. Nesa lectura, nesa "reacción química", empezou a configurarse o que Manguel chama a súa "biblioteca mental": o modelo co que había de ler en diante todo o demais.

Ese eco das cantigas de amigo, das bailladas e das barcarolas, moito antes de descubrir o autor de *Una historia de la lectura* que Galicia tiña unha lingua de seu e esa lingua unha literatura igualmente propia, había atopado o tempo en James Joyce, en Juan Gelman, en Martín Códax, en Pablo



Alberto Manguel e Manuel Rivas, na entrada da Real Academia Galega

A LORENZO

"A literatura non entende de muros nin de valados"

Neruda, en San Juan de la Cruz. "En tantos autores que podería encher esta noite de exemplos".

Así é a lectura para Manguel: un gran zoco invisíbel de homes libres. Un campo aberto "onde a nacionalidade é algo ilusorio", apenas "un punto de partida". Para el, coautor do *Diccionario de los lugares imaginarios*, que aprendeu a ler nos poetas da lírica medieval galego-portuguesa, "a literatura non entende de muros nin

valados". Por iso cre que a tradución é, como na súa acepción medieval, o traslado do sacro dun lugar a outro. Por iso dixo onte na Coruña que "para o lector, o mundo vén a ser infinito". Habería que preguntarlle a Caín que lle parece o mapa de Manguel, ou aos que levaban as reliquias dun templo a outro, roubándollas decote a alguén as roubara primeiro, quen era o señor de cada quen ou se había ou non había señores na fe. ■